

## OS INTÉRPRETES

### Ixor – cuarteto de saxofóns

Proxecto educativo desenvolvido por Pablo Coello no Conservatorio Superior de Música da Coruña en torno á interpretación da música clásica-contemporánea, nesta ocasión preséntase como de cuarteto de saxofóns formado por David Luís García, Diego Garrigo, Efrén Soto e Sérgio Piñeiro, os cales traballan xuntos dende o curso 2019-2020.

No seu formato de ensemble, dende 2011 Ixor desenvolve o ciclo *Espazo IXOR* na cidade da Coruña (edicións 2011 e 2012 en NORMAL, espazo de intervención cultural da Universidade e edicións 2013 e 2014 no Museo de Belas Artes).

# IX CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO MIHL Sons-XXI



CONCERTO

## SÓLIDOS E LÍQUIDOS II

Sábado 4 de decembro de 2021

18:30 h.

Museo Interactivo da Historia de Lugo

A obra *Figuras con sólidos e líquidos* do compositor galego Jacobo Gaspar serve de título para o programa presentado por Ixor - cuarteto de saxofóns. O concerto iníciase cunha versión para saxofóns do *Quartet for Clarinet and String Trio* do polaco Krzysztof Penderecki e finaliza coa enérxica e teatral *Der blutige Schaffner* do alemán Robin Hoffmann.

## PROGRAMA

- **Christoph Penderecki** *Quartett* (1993) (arranxo: Harry Kinross-White, 1999) cuarteto de saxofóns
- **Jacobo Gaspar** *Figuras con sólidos e líquidos* (2017) cuarteto de saxofóns
- **Robin Hoffman** *Der blutige Schaffner* (1996) cuarteto de saxofóns

**Ixor – Cuarteto de saxofóns:** David Luís García soprano, Diego Garrigo alto, Efrén Soto tenor, Sérgio Piñeiro tenor e barítono

**Pablo Coello** dirección musical

## AS OBRAS

### Quartett

Foi o propio Penderecki quen suxeriu ó *Raschèr saxophone quartet* a realización dunha versión para cuarteto de saxofóns desta obra. A obra orixinal escribiuna en 1993 ó regreso dun festival de música de cámara en Évian. Alí escoitara o *Quinteto en Do Maior* de Schubert, escrito unhas semanas antes da súa morte. Decidiu que a súa seguinte obra de cámara recollera algo do espírito da obra mestra de Schubert.

A composición foi comisionada polo *Schleswig-Holstein Music Festival* e estreada o 13 de agosto de 1993.

Extraído do libreto do CD *Europe* do *Raschèr Saxophone Quartet*

## Figuras con sólidos e líquidos

*“O sólido e o líquido remítennos a categorías sonoras diferenciadas, incluso contrastantes. Nun lado temos os sons que, polo seu carácter percusivo, asociamos ós obxectos sólidos. Doutro, as estruturas sonoras liviás e fluídas que podemos confundir coas paisaxes sonoras vencelladas ó líquido.*

*Pensar a música é como imaxinar e debuxar figuras sonoras. Contundentes, difusas, sólidas, líquidas...*

*A peza plantexa un percorrido por diferentes situacións sonoras que, emerxendo da solidez do percusivo, rematan en contextos nos que o líquido, tanto dende o punto de vista perceptivo como conceptual, se erixe en referente. Son figuras que, nacente sólidas, se desintegran na fluidez e inestabilidade do presente”.*

Jacobo Gaspar Grandal

Encargo do CNDM e *Sigma Project*, foi estreada nas Xornadas de Música Contemporánea 2017 en Santiago de Compostela.

## Der blutige Schaffner

*“A innovación prodúcese a través da ocultación.*

*Robin Hoffmann compara o movemento de ocultación co traballo dun ‘axente secreto’, que recolle, utiliza e aplica información non observada e descoñecida. Como dirección do movemento, elixiu para si a ‘finta’, o puñetazo finxido que calcula o contramovemento e utilización ós seus propios medios. Durante o século XX, a vangarda favoreceu andar heroicamente directo á trampa. Hoffmann considera máis aconsellable o camiño indirecto: o esgotamento prematuro dos medios artísticos de representación contrarréstase mediante tácticas, vacilacións e evasións.*

*A arte é a fenda do cabelo no sistema da sociedade.*

*Robin Hoffmann confía na enerxía do gradual, do efecto do subliminal. A arte debe tentar causar lesións apenas perceptibles á propia imaxe, ó aparentemente claro e incuestionable; debería irritar, saír do marco e, no mellor dos casos, crear interese, unha pregunta, unha vontade de comprensión. Idealmente tan insistente como reservado: con simpatía - pero sen patetismo!”*

Michael Rebbahn

## OS COMPOSITORES

### Krzysztof Penderecki

Debica (Polonia), 1933 – Cracovia (Polonia), 2020

Penderecki estudou música na Universidade Jagellónica, a máis antiga e prestixiosa de Polonia, e na Academia de Cracovia, da que máis tarde sería profesor.

Ó longo da súa carreira compuxo catro óperas, oito sinfonías e numerosas pezas orquestrais e instrumentais menores. Na súa obra cómpre destacar o seu *Treno ás Víctimas de Hiroshima* (1960), que o deu á fama polo uso de técnicas innovadoras alleas á tonalidade tradicional, *A Paixón según San Lucas* (1966), a ópera *Os demos de Loudum* (1975) e a súa *Lacrymosa* (1984), rebautizada en 1993 como *Réquiem polaco*, composta en memoria dos traballadores asasinados en 1970 nas manifestacións contra o goberno.

A atmosfera barroca e inquietante que a miúdo crean as súas obras fíxo que aparezan nas bandas sonoras de moitas películas e series de televisión. Composicións de Penderecki aparecen, entre outras, en *The Exorcist* de William Friedkin, *O Resplandor* de Stanley Kubrick, Sen medo á vida de Peter Weir, *Fillo dos homes* de Alfonso Cuarón e na serie *Twin Peaks* de David Lynch.

Penderecki recibiu numerosos premios, como catro Grammy, o Premio Wolf (1987), o Premio Príncipe de Asturias das Artes (2001).

### Jacobo Gaspar Grandal

Mos (Pontevedra), 1975

Titulado Superior en Composición polo Conservatorio Superior de Música de Vigo, realiza estudos de posgrao en composición no Conservatorio Superior de Música de Aragón e é doutor en musicoloxía pola Universidade de Oviedo. Tamén é licenciado en ciencias económicas pola Universidade de Vigo.

Recibiu importantes premios coma o primeiro premio “Xavier Montsalvatge” no XX Premio Jóvenes Compositores Fundación Autor –

CDMC (Madrid), o primeiro premio na “VI International Jurgenson Competition for Young Composers” (Moscou), o ‘Special Prize’ e o ‘Audience Prize’ no “Isang Yun International Composition Prize 2013” (Seúl), a mención de honra no Premio “Valentino Bucchi-Parco della música” (Roma), ou o segundo premio no “8º Concurso Internacional de Composición da Póvoa de Varzim” (Portugal).

A súa obra parte da modernidade e do novo paradigma que esta define, no que se rebrande a relación son-música, algo do que se deriva unha expansión dos medios e das técnicas instrumentais, novas liñas de traballo cos intérpretes e unha concepción da escoita dirixida a ampliar a experiencia perceptiva.

É profesor do departamento de composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

### Robin Hoffmann

Saxonia (Alemaña), 1970

Estudou guitarra na Musikhochschule de Frankfurt (formación educativa e artística) e posteriormente composición con Nicolaus A. Huber na Folkwanghochschule de Essen. Dende entón vive en Frankfurt e, ademais do seu traballo autónomo como compositor, ensina composición e teoría musical no Instituto Musicolóxico da Philipps-Universität Marburg.

Compón para instrumentos solistas, música de cámara, ensemble, orquestras e ensembles vocais. Leva a cabo composicións electroacústicas e improvisacións experimentais, ademais de numerosos proxectos cooperativos, música con bailaríns, coreógrafos, artistas visuais e multimedia, escritores e *performers*.

As súas obras son interpretadas en todo o mundo, tanto por músicos novos e comprometidos como por conxuntos e orquestras establecidas no negocio da música, en festivais como o *Outono de Varsovia*, *Gogol Festival Kiev*, *Stockholm New Music Festival*, *Eclat Stuttgart*, *Witten Days for New Chamber Music*,

*Ultrasound Berlin* e moitos outros.

Robin Hoffmann recibiu varios premios polas súas composicións, incluíndo un primeiro premio no “Deutsche Studienpreis” da Körber Foundation en 2002, o “Stuttgart Composition Prize” en 2005, o “Kranichsteiner Composition Prize” en 2006 e o “Hans-Werner-Henze-Prize” da Asociación Rexional Westfalia-Lippe en 2019.